



Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA

BANDO

TERMALISMO SOCIAL IMSEISO

BENEFICIARIOS/AS:

1. Ser pensionista do sistema da Seguridade Social polos conceptos de xubilación ou invalidez e, en todo caso, polo concepto de viuvez ou doutras pensións cando o beneficiario cumprira os 60 anos de idade. Tamén poderán ser beneficiarios/as das prazas os españois residentes no exterior, sempre que perciban unha pensión pública, teñan máis de 60 anos e cumpran co resto dos requisitos.
2. Non padecer alteracións de comportamento que impidan a convivencia nos establecementos, nin enfermidade infecto-contaxiosa.
3. Poder valerse por si mesmo/a para as actividades da vida diaria.
4. Precisar os tratamentos termais solicitados e carecer de contraindicación médica para a recepción dos mesmos.
5. Acadar de conformidade coa valoración establecida a puntuación que lle permita acceder a un dos balnearios e quendas solicitadas. Ponderaranse as seguintes variables:
 - Grao de necesidade de recibir os tratamentos termais.
 - Situación económica dos/das solicitantes.
 - Idade dos/das solicitantes.
 - Que non disfrutara da praza en anos anteriores.
 - Se o/a solicitante e membro dunha familia numerosa.
 - Outras circunstancias excepcionais non contempladas nas variables anteriores.

PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

- Para as quendas **de febreiro ata agosto**, ambos inclusive:
 - Con prioridade na adxudicación de prazas do 19 de decembro do 2011 ao 16 de xaneiro de 2012.
 - Para a súa inclusión, na orde que corresponda, en lista de espera ata o 16 de maio de 2012.
- Para as quendas **de setembro a decembro**, ambos inclusive:
 - Con prioridade na adxudicación de prazas ata o 16 de maio de 2012.
 - Para a súa inclusión, na orde que corresponde, en lista de espera ata o 30 de outubro de 2012.

LUGAR DE PRESENTACIÓN:

Nos Servizos Sociais do concello **solicitando cita previa** de 9:30 a 13:30 nos números de teléfono do Concello (986.70.51.14-986.70.51.06) ou persoalmente nas dependencias municipais.



Soutomaior, 19 de decembro 2011
O ALCALDE,

Agustín Reguera Ocampo